

A HISTORIA DA FILOSOFÍA SERÁ OBRIGATORIA NA MODALIDADE DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS

A principios deste ano 2018 a **CIG-ENSINO** rexistrou un escrito dirixido ao conselleiro de Educación instándoo a negociar a modificación do Decreto que regula o currículo do Bacharelato para incluír a obrigatoriedade da Historia da Filosofía en 2º de Bacharelato. Esta orde vén agora á Mesa para atallar un problema que o propio Partido Popular creou cando decidiu relegar a materia de Filosofía, retirándolle o status de materia troncal en todos os itinerarios do Bacharelato.

Houbo unha mobilización importante que foi quen de ir máis alá dunha lexítima reivindicación profesional, conseguindo un importante apoio social que se transformou na aprobación por unanimidade da Proposición non de Lei (PNL) de iniciativa popular para recuperar a obrigatoriedade de cursar Historia da Filosofía en 2º de Bacharelato.

A demora en traer este texto á Mesa parecía prever que a Consellaría ía optar por un paso adiante máis decidido, na liña que novamente outras administracións educativas marcaron cando decidiron facer fronte á ofensiva contra o fomento do pensamento crítico que promoveu Wert no MECD.

A orde implica que a Historia da Filosofía sexa cursada obrigatoriamente polo alumnado da modalidade de Humanidades e CC.SS. e que os centros teñan que ofertar obrigatoriamente esta materia nas demais modalidades (Ciencias e Artes). O texto é un paso adiante ao respecto da situación actual mais se temos en conta que o Parlamento Galego aprobou que a Consellaría realizase as adaptacións necesarias para incluír na oferta educativa do Bacharelato a obrigatoriedade da Historia da Filosofía como materia troncal, cabe concluír que só se está a cumprir parcialmente ese mandato ao se limitar a obrigatoriedade a unha das modalidades.

A **CIG-ENSINO** é partidaria de que se produza un debate en profundidade sobre a situación da Filosofía no sistema educativo e, aínda que é obvio que o propio marco regulador actual implica que determinados debates se teñan que producir tamén no marco estatal, non é menos certo que temos capacidade para debater no noso país sobre a extensión desta materia ás outras modalidades de Bacharelato. O carácter subsidiario da Xunta fronte á Moncloa impídelle tomar iniciativas que poñan en cuestión os graves erros cometidos polo goberno do PP en Madrid. Recomendámoslle aos responsábeis políticos da Consellaría que abran os ollos, pensen por si mesmos e se deixen de servilismos.

